

Sarria, 19 de decembro de 2020

### DITAME DO XX FIZ VERGARA VILARIÑO

Reuniuse o xurado da XX edición do Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño de xeito telemático composto por Emma Pedreira, María Lado e Charo López, actuando como secretaria a presidenta da A.C. Ergueitas, María Casar e como presidenta a concelleira de cultura de Sarria, Reyes Abella.

Nas deliberacións resultou gañadora por unanimidade a obra presentada baixo o título Parhelio. Un libro con moita coherencia interna, que mistura moitos xéneros e referencias, moi sensorial e con moito ritmo. Un poemario moi traballado, coidado con atención e riqueza lingüística. Ten un xogo de cambio de perspectivas no eu moi interesante e unha carga retórica ampla e consistente. Unha obra que presenta unha poesía rurista na que se valora a apertura dunha liña de traballo anovadora enriquecida cunha prosa poética que rompe o uso máis clásico do verso e mergúllase na oralidade. Destaca a referencia a outras disciplinas artísticas, sobre todo á música. Unha obra cunha plástica moi poética e moi ben definida e con certo sentido do humor.

Valorouse tamén o emprego de imaxes moi sostidas ao longo de todo o poemario como as dos cabalos ardendo, os bisontes... que transmiten forza e sonoridade. O autor propón ao lector unha participación activa.

Tamén foi destacado polas poetas que formaron o xurado a altísima participación que se acadou nesta edición tan distinta pola situación sanitaria e o alto nivel das obras presentadas.

Aberta a plica pola secretaria do xurado resultou ser da autoría de Xosé Luís Mosquera Camba.